



Mayo 2021

## **PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E DE AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR**

Orde do 6 de maio de 2021 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria (EP), educación secundaria obrigatoria (ESO) e educación especial (EE) en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2021/2022.

### **DESTINATARIOS/ OBJETO DE LA CONVOCATORIA**

a) *Fondo solidario de libros de texto*: alumnado matriculado en 3.º, 4.º, 5.º e 6.º de EP e en 1.º, 2.º, 3.º e 4.º de ESO; cursos nos que, necesariamente, se manterán os libros de texto do curso 2020/2021.

Se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€: 6 libros.

Se a renda per cápita é superior a 6.000€ e inferior ou igual a 10.000€: 4 libros.

Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: 6 libros, con independencia da renda.

b) *Axudas para adquirir libros de texto*:

• Alumnado matriculado en 1.º e 2.º de EP:

Se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€: axuda de 210€.

Se a renda per cápita é superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€: axuda de 140€.

• Alumnado matriculado en EE, en centros específicos, ou en unidades de EE de centros ordinarios, uo cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: axuda de 275€ con independencia da renda.

• Alumnado en garda ou tutela da Xunta de Galicia: axuda, a maior correspondente ao ensino e curso no que estea matriculado, con independencia da renda.

• Alumnado con NEAE:

De 3.º a 6.º de EP:

Se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€: axuda de 210€.

Se a renda per cápita é superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€: axuda de 140€.

ESO:

Se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€: axuda de 240€.

Se a renda per cápita é superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€: axuda de 160€.

c) *Axudas para adquirir material escolar*: alumnado matriculado en EP, en ESO e en EE.

Se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€: axuda de 50€

### **SOLICITUDES E PRESENTACIÓN**

A solicitude presentárase no centro docente donde o alumno estea admitido para o curso 21/22.

Se no momento de presentar a solicitude, aínda non estivese admitido en ningún centro docente para o curso 21/22, deberá presentala no centro no que estivese matriculado no curso 20/21.

O impreso da solicitude pódese recoller na secretaría do centro ou pódese descargar en formato pdf no portal educativo no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es>

A solicitude pódese realizar accedendo a aplicación Fondolibros, e unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude, e posteriormente poderán optar polas seguintes formas de presentación:

Presentación no centro: Deberán levar impresa a solicitude (Anexo I) e o Anexo II. A solicitude será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente.

Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia. Unha solicitude por cada alumno

As solicitudes pódense presentar desde o **21 de maio ata o 22 de xuño de 2021**.





## DOCUMENTACIÓN

Solicitud, (Anexo I e Anexo II), asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do/a alumno/a.

Fotocopia do libro de familia completo ou certificado/volante de convivencia.

Fotocopia do DNI, NIE, pasaporte ou calquera outro documento identificativo de todas as persoas que consten na solicitude.

No caso de separación o divorcio, sentenza judicial ou convenio regulador donde conste a custodia do/da menor. No caso de divorcio ou separación legal dos país, terá a consideración de membro computable o novo cónxuse ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

No caso de familias monoparentais en que conviva un só proxenitor, deberá acreditarse documentalmente esa circunstancia.

Enténdese por familia monoparental a composta por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa e con fillos/as menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor/a non contribúa economicamente ao sustento dos seus fillos.

No caso de acollemento, tutela o garda, resolución administrativa ou xudicial acreditativa o certificado do centro de menores.

No caso de discapacidade do alumno/a, dos país ou dalgún dos membros da unidade familiar: certificado emitido polo organismo competente do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual o superior ao 33%.

O centro educativo poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.

## VALES PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL

O centro docente procederá a introducir as solicitudes na aplicación informática. Despois da súa validación, permitiralle ao persoal do centro educativo a xeración dun vale; despois de ser selado e asinado pola dirección do centro, será entregado ao solicitante.

Só se entregará un vale por alumno.

